



**Alfonso Blanco.  
Todo un mundo  
de galeguidade  
esperanzada**

# A foto que fala

Un globo de cor rosa pasa por diante do Papa durante unha audiencia na praza de San Pedro. Ás veces o espírito fala clariño, clariño.



## O trasno U-los bispos europeos?

Daniel López Muñoz



Certos silencios, desde sensibilidades coma a de *Irimia*, que son certamente raras, todo hai que dicilo, resultan uns silencios elocuentes. Cando tempo atrás se discutía a constitución europea, chamaba a atención a pelexa por

que se recoñecese ou non, de maneira escrita, expresa, que Europa tiña, entre outras, unha raíz cristiá. Daquela si que parecía que había preocupación eclesiástica por Europa. Era a batalla das etiquetas e os recoñecementos “*ad maior gloriam*”, que disque son as batallas que lles gusta librar aos mediocres.

Cando se trata, en troques, de aplicar ao caso concreto europeo o programa que enuncia de maneira bastante suxestiva a xa medio esquecida *Evangelii Gaudium*, cando hai unhas eleccións nas que se teñen que enfocar os grandes temas de futuro, de modelo social e político, onde se xoga a vida dos máis indefensos, ... aí precisamente a preocupación pola cousa europea se deixa en man dos políticos. A voz dos bispos europeos desafina ou cala.

Unha bonita oportunidade perdida para aplicar os novos tempos franciscanos, para ver se teñen ou non utilidade, eficacia práctica. Por exemplo: en plena expansión dos fundamentalismos e da xenofobia, de populismos antiestranxeiro e anti-diferente,

non habería unha palabra colexiada, coral, algo significativo que dicir aplicando toda a ensinanza papal sobre o diálogo “*aberto, libre de prexuízos*”; sobre a “*acollida con afecto e respecto aos inmigrantes do Islam*”, etc...

Ou se imos a esas políticas de recortes no gasto social cunha man, sen molestar nin inquietar aos bancos coa outra, bancos con directivos que gañan setenta veces o que os oficinistas aos que despiden, bancos aos que o banco central europeo financia con vantaxe a pesar de ser os principais responsables do desastre.... Non habería que recordar aquilo da “*inclusión social dos pobres*” e aqueloutro de “*resolver as causas estruturais da pobreza*”.

Son detalles nada pequenos que están na exhortación papal. Pero se non valen para dicir algo diante dunha eleccións europeas, para elaborar un manifesto sobre as bases necesarias para facer esa Europa inclusiva e dar criterios e esperanzas ... para que se pretende que sirvan?

# Editorial

## A cordialidade

Nas vésperas do Día das Letras, en campaña electoral das europeas, o presidente Núñez Feijoo foi entrevistado en vía V televisión -do grupo *La Voz de Galicia*. Fatal coincidencia de datas.

E foi fatal porque o día daba xogo para formular, xusto ao remate da entrevista, e nunha quenda de preguntas rápidas, unha cuestión sobre que obra da literatura galega era a preferida polo presidente de Galicia. A resposta foi que “as obras de Rosalía de Castro son o noso Quixote, desde o punto de vista do noso idioma”. Os xornalistas retrucaron, “pero que obra, que obra en concreto?”. Houbo uns microsegundos de dúbida, pero o presidente non se botou atrás: “*Poemas galegos...* pode ser?”

### Pode un presidente da Xunta non saber dicir correctamente ningún título dun libro en galego?

Comparar a lírica de Rosalía co Quixote é literariamente inadecuado, pero xustificárase en termos de “importancia” na historia da literatura.

Porén, o que ten difícil encaixe no concepto que calquera debería ter sobre un presidente dun país con lingua de seu; dun presidente que emana dun es Estatuto de Autonomía que adquire pleno sentido histórico como baluarte para que o idioma galego viva; dun presidente dun aparello de goberno que ten como deber legal a acción positiva a prol do galego; dun presidente entrevistado en galego o día antes do 17 de maio;... o que ten difícil xustificación, sostemos nós, é que, podendo escoller unha entre todas as posibles obras en galego da historia, fose incapaz de lembrar un título.

“Poemas galegos” non existe. Rosalía escribiu “Cantares Gallegos” (así con “ll”) ou “Follas Novas”. Son títulos emblemáticos. Fáceis de lembrar, son de nivel ESO.

O presidente unía así o seu destino ao doutros ilustres nomes de gobernantes da Xunta de Galicia, os autores doutras “perlas”, como aquela de “Carmiña Burana” e o “Desván de los Monjes”;

A “cordialidade lingüística” foi un dos temas estrela para xustificar a estratexia de empequeñecemento do idioma galego comezada polo goberno Feijoo, desde o seu minuto un.

“Cordialidade” vén de “cor, cordis”, vén de corazón. Non pode ser ninguén cordial cunha lingua ambiental sobre a que non sabe dicir correctamente un simple título dun libro escrito nesa lingua. Falamos do presidente de Galicia, non dun pastor nepalí.

## Rumores de esperanza

Xan Guillén



No número 900 (esqueceume mirar o número da revista para comentar ese feito esperanzador) había unha entrevista a Darío Xohán Cabana sobre Díaz Castro feita por Luís Gómez Aldegunde.

Eu xa vira a entrevista antes de me chegar á entrevista. Como a vin? Pois

nun telexornal. Logo Luís traballa para a TVG? Pois non. Ata onde eu sei deste señor, é profesor no CPI dos Dices, no Concello de Rois, e todos os anos fai unha especie de telexornal cos seus alumnos e alumnas no cal trata sobre o persoeiro homenaxeado ese ano. Cada vez mellora o telexornal, ata chegar este ano a facelo en directo. Dun xeito que parece profesional e rigoroso, pero sen perder a frescura do feito por e para rapaces, vainos debullando quen é cada un dos persoeiros.

Parabéns a este profesor e ao seu alumnado. Cóntame que Luís non é unha persoa que quede coas cousas da súa aula. Tamén move e dinami-

za a lingua dende moitos ámbitos. Se non o credes, só tedes que entrar en Youtube e poñer, por exemplo, “telexornal Díaz Castro Rois” e atoparedes esta xoia. E se tirades do fío da rede, moitas máis cousas (por exempl, a vitoria o ano pasado no Clube de debate).

Contáronme, que hai un par de anos nunha reunión de formación de profesorado o que coordinaba comezou dicindo: *Se esperan que os nosos políticos/as solucionen o problema da educación, deben saber que é imposible. O futuro deste país está nas nosas mans. Comecemos a traballar.* Luís é un dos que o ten claro.



1



3



2



4

# A peneira

1

Ante a desidia do mundo, **SIRIA** segue machucando os cidadáns ata con farsas electorais. A foto de Eloy Taboada pertence á exposición de Novacaixa Ferrol. Ligado ao Prexecto Arqueolóxico da UDC, denuncia que 12 millóns de nen@s fuxiron en 3 anos de guerra e que 1 millón están sitiado@s.

2

O 20 e o 21 celébrase o XXVI Congreso de **XERIATRÍA** no Pazo da Cultura de Pontevedra. Vaise estudar a necesidade dun avellentamento positivo que deite saúde nun país cada vez máis despoboado. Só medran en poboación 26 concellos -Ames, Arteixo, Culleredo, O Porriño...- nas contornas das cidades.

3

Burela celebra a festa do **MAR**. Con Celeiro sostén 40 palangreiros e 9 arrastreiros das 87 embarcacións galegas que faenan no Gran Sol. Son tamén as primeiras lonxas en descarga de pescada e peixe fresco. Na foto, redeiras de Burela fan artesanía en horas libres para ergueren a súa situación económica.

4

O **CÁRCERE** de Teixeira é unha fervenza de actividades, e o vindeiro 10 rematan a "Pegada dos alimentos.eu" ou Foodprint.eu. Levan anos traballando pola nosa soberanía alimentaria nun contexto multicultural: proceso de produción e aproveitamento dos nosos recursos, unindo tradición e innovación.


5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

4416 dominican@s conviven connosco. Alóngase a ditadura de Duvalier (1957-86) co apoio dos **EUA**, durante a que se exterminou 50.000 opositores. E agora ataca @s haitianos, sós se exceptuamos a axuda sanitaria cubana para saíren das consecuencias do terremoto (2010). Mentres, 12.000 marines patrullan por HAITÍ cun autoritarismo atroz.

6

O 5, no "Día do **AMBIENTE**", viaxamos ás dunas de Corrubedo para gozar desa tensión entre a praia do vento e as plantas, especies únicas, que inzan ao seu abeiro. Máis de mil hectáreas de espazo natural que o capital depredador cobiza, para eliminar os xogos de luz que nestes días alternan na area.

7

A Fundación Amigos de Galicia está a preparar un volume cos escritos de Miguel Anxo **ARAÚXO** sobre Castelao. Cómpre afondar na achega deste home bo e xeneroso, mesmo ante a oposición dos seus compañeiros de episcopado, mantendo viva aquela apertura iniciada polo cardeal Quiroga, que tamén sentiu o espírito de Castelao.

8

O 5 a **AJA**, Asociación José Afonso, comeza en Santiago unha semana cultural dedicada ao autor de Grândola, espallando o exemplo solidario e de compromiso social de Zeca Afonso. O 6 estará en Gondomar, o 7 en Vigo, o 8 en Bueu, neste ano no que se fan 40 da Revolución dos Caraveis.

# Política Poética

☼ 27891 CERVÓ (Lugo)  
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04  
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

☼ O CASTRO DE SAMOEDO  
15168 Sada (A Coruña)  
Teléf.: 981 - 02 09 37/62 02 00  
Fax: 981 - 62 38 04  
e-mail: ocastro@sargadelos.com

☼ Rúa Nova, 16  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88  
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

☼ Rebl, 56  
15003 A CORUÑA  
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04  
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

☼ Provença, 274 - 276  
08008 BARCELONA  
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79  
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

☼ Conde Aranda, 2  
28001 MADRID  
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30  
e-mail: galcriamadrid@sargadelos.com

 GALERIAS  
SARGADELOS

☼ Habana, 12  
32003 OURENSE  
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

☼ Rubalcava, 30 - 32  
15402 FERROL  
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16  
e-mail: ferrol@sargadelos.com

☼ Pza. Sto. Domingo  
27001 LUGO  
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13  
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

☼ Urzáiz, 17  
36201 VIGO  
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74  
e-mail: info@galeriasargadelos.com

☼ Oliva, 24  
36001 PONTEVEDRA  
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

☼ Pza. de España, 2  
27400 MONFORTE DE LEMOS  
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33  
curgal@curgal.com

☼ Conde de Fenosa, 39  
32300 O BARCO DE VALDEORRAS  
Teléf.: 988 - 32 05 86

☼ Rúa Castelao, 52  
36980 O GROVE  
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34  
espirolde@yahoo.com

☼ Calvo Sotelo, 8  
36580 A ESTRADA  
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94  
sargadelos@astrada.com



*A editorial Emerxente vén de publicar o poemario "LP" de Lois Pérez. Coeime no seu contido para traervos unha fermosa variación do noso himno, co título Ignominia. Achégovos un extracto del:*

Que din os estudosos deste soño decadente  
poboado de mafiosos que só saben roubar?  
Que din as cansas veas rotas dos tristes ionquis derrotados  
co seu brillo atormentado morrendo noutro bar?

Co noso amor vencido pendurado neste mastro,  
a voz dun poetastro que non debera recitar,  
esmorece o encantamento e Galicia perde o trono:  
xa adormece co sono nun tugurio de Nigrán.

Os miopes cobizosos que nos venden,  
no roubo aprenden e tamén mudan de ton,  
como pais e garantes envilecidos e escuros,  
nada comprenden, non.

Non chegaron os bardos nin os tempos, nin idades  
máis ben só obscenidades nesta triste neve de verán:  
nalgún despacho de Alcoa alguén prende a radio e soa  
outra derrota do Leite Río Breogán.

Que delirio, que terríbel loucura,  
se agocha atrás das grandes portas da Xustiza,  
todo ole a podre e non só na Dinamarca,  
que Parca, do mal? Que cegueira enfermiza?

Quen atiza co cirio desta dor sen cura?  
Por cada gramo de inxustiza, a bondade espida...  
Que emana da xente boa que agoniza.

Cando todo fede a insomnio e pasos perdidos,  
a guitarras sen mastro con cordas de espiño,  
e escintilan as luces afundidas da Razón,  
coa súa cara mergullada e vencida,  
nas frías fontes da Merda Impura e silente  
dos piratas sen corazón con chaleco salvavidas,  
co *puto* disfrace dos Santos Inocentes.

(continúa...)



# O peto común

Teresa Souto

Agora que vén de pasar o día das letras, gustárame dar os parabéns a todas as persoas que na Galiza se emocionan e ilusionan co seu traballo, e transmiten esas boas sensacións ao resto, facendo que se contaxie a paixón. Estas semanas vimos traballar a nenos e nenas, o profesorado, a monitoras/es, a persoas maiores e adultas coa poesía de Díaz Castro, e parece ser que cando nos ofrecen, nos poñen nas mans algo tan valioso co que traballar, versos que enchen a alma e a acariñan, é moi doado poder ver esa luz do mundo.

Buscando en común recursos cos que traballar, atopamos verdadeiras xoias... Algunhas coma o disco da Quenlla, no que lles poñen música a catorce poemas de Díaz Castro, ensaios, documentais, traballos de colexios e institutos, coma o que realizaron no IES poeta Díaz Castro, un traballo en común que reflicte a sinxeleza, as gañas e a ilusión, o amor ao idioma e ao país, como é a canción que compuxeron e cantan: "Esa lus, unha canción para Díaz Castro"

A poesía é unha lingua universal, emociona observar como é capaz de transmitir mensaxes, sentimentos, paixóns a persoas doutras nacionalidades, e o doado que é entendela e facela propia. Díaz Castro coñecía catorce linguas e para expresarse, para facerse verso, escolleu a súa lingua, a materna, a do profundo e do interior, na que sentía ... É un feito natural, que ben o entenden persoas doutras linguas, que, para o traballo, a rúa, a interacción, utilizan o idioma do país no que viven, pero que para expresar os sentimentos precisan a súa lingua propia, a que mamaron e respectan. Ás veces, a incomprensión parte das persoas do carón, das que descoñecen o sentimento de aprecio, de orgullo e de valor da nosa lingua.

"Poeta ou non, eu cantarei as cousas  
que na soleira de min mesmo agardan"



## O CARRABOXO por XOSÉ LOIS



# Entrevista Conversa con Alfonso Blanco Torrado

Aldegunde Quiñones



*“Díaz Castro era un home agradecido coa súa Terra, coa súa vida e coa súa fala”*

*Hai un artigo que non vai escribirse este ano que debería titularse “A influencia de Alfonso Blanco na poesía de Díaz Castro”, non porque o poeta soubese nada de Alfonso cando escribiu Nimbos, senón polo esforzo de recuperación deste home para a cultura galega que fixo o noso veciño da Peneira. O que coñeza a traxectoria del sabe que o Concello de Guitiriz debería pasar a chamarse Concello Alfonso Blanco sen máis demora e, como el non o di na entrevista, temos que dicilo nós: Díaz Castro non tería este Día das Letras sen Alfonso; e a Literatura Galega non gozaría do poeta dos Vilares sen o traballo de Alfonso nesa década na que coincidiron en Guitiriz, na que a Asociación Xermolos foi a súa segunda casa. Tanto Díaz Castro coma Alfonso Blanco comparten humildade, pero tamén galeguidade, esforzo e esperanza no futuro.*

## **Que pensaches cando lle dedicaron a Díaz Castro o Día das Letras?**

Para min e para os que vivimos neste recanto da Terra Chá é unha fortuna. Imaxino que o que levou á RAG a fixarse nel é o feito de se tratar dun poeta clásico, un dos mellores da segunda metade do século XX e esa poesía, síntese de contido e expresión, nunha obra sen quebra.

## **Díaz Castro dános horizontes de luz que nos axuda a camiñar**

### **Onde nacera?**

El naceu no Vilariño dos Cregos e na súa poesía está presente esa cultura labrega, esa fala dialectal da Terra Chá que transmite esa patria de un que é sempre a infancia. Era un home agradecido coa vida, coa súa familia, coa súa terra e coa súa fala e dende este agradecemento construíu ese fermoso libro que é *Nimbos* (1961) froito de varios anos. Tiña un afán perfeccionista; quería que o que se publicase fose unha plenitude da súa obra.


**E ademais desa cultura labrega, a presenza da relixión tamén é moi importante na súa obra.**

Si, el criouse nun ambiente relixioso, non confesional senón místico; el é un místico da nosa literatura. Tiña aprecio polas cousas máis sinxelas.

## **POETA DO SEMINARIO DE MONDOÑEDO**

### **Que lugar ocupa na Literatura Galega?**

Está dentro dos poetas que se formaron no seminario de Mondoñedo. Foi moi amigo de Aquilino Iglesia Alvariño, quen o animou a publicar. Alí coñeceu tamén a Crecente Vega e a outros poetas que non eran seminaristas, coma Díaz Jácome, ou xornalistas coma Traperero Pardo. Formouse en literatura clásica e empapouse da obra de Horacio e Virxilio. Outra característica propia desta escola é un fondo humanismo.





## Como foi esa relación con Iglesia Alvariño?

Ten contado eses primeiros encontros nos claustros do seminario. Dende o primeiro momento fixéronse amigos, abriulle camiño para coñecer outros escritores, motivouno para que estudase idiomas e logo levouno con el ao colexio León XIII de Vilagarcía no que Aquilino era director. Tamén alí empezou cos estudos doutros idiomas; chegou a dominar unha ducia de linguas e aí tamén está a inspiración de Aquilino.

## Algún deses trazos tamén se ven en Darío Xohán Cabana, que lle fixo un poema homenaxe a partir do seu “Penélope”

Si, Díaz Castro apreciaba moito a Darío Xohán Cabana. De feito, pe-

## Dominaba arredor dunha ducia de linguas

diulle que lle traducise uns poemas do castelán ao galego. Darío puxo como condición que Díaz Castro tiña de darlles a última revisión, pero a morte impediu esa posibilidade. Hai, en efecto, esa nota que se alonga por toda a poesía chairega -de Noriega Varela a Darío pasando por Díaz Castro- no que se ve ese aprecio pola vida sinxela e humilde froito da autenticidade. Penso que os grandes poetas, coma os grandes artistas, chegan a nós dende a sinceridade e o terrón que pisan todos os días; iso é o que lles dá forza.

## Antes de ver como é *Nimbos*, quizais haxa que aclarar o significado da palabra

Os nimbos son esa coroa dos santos, un halo de luz; non ten nada que ver coas nubes. E con eses nimbos quere tirar a luz das cousas que nos rodean, as cousas máis sinxelas. Por iso



nada do contorno do poeta lle é alleo. Fronte a outros poetas coma Manuel María, que é máis local, el ergue a unha categoría estética as cousas próximas e dános unha poesía que podemos proxectar noutros espazos. Non é moi amigo de topónimos (só aparecen catro ou cinco e todos de aquí das terras de Parga e Guitiriz).

## E un deses topónimos é o de Pastoriza, que tamén merece unha aclaración.

Si, porque hai quen pensa que Pastoriza se refire ao concello, pero non; o verso fai referencia a dúas romaxes que se celebran no mesmo santuario: o santo Alberte de Parga, no mes de maio, e a virxe da Pastoriza, o primeiro domingo de agosto. Díaz Castro gustaba de asistir ás romaxes e ás feiras de Parga. Fala do Carmio do Buriz, outra romaxe vida a menos e aparece a Ponte Gafín, onde se celebra a festa de Bascuas.

## NIMBOS

### Como é *Nimbos*, o único volume que publicou?

Comeza cun “Pórtico” onde di o que é a poesía para el e dános unhas chispas de luz, de “Esperanza” como titula outra das seccións. Os de *Nimbos* son poemas de distintos momentos que xunta a partir da súa traxectoria vital e sempre dende esta patria e este berce onde el viu a luz primeira. Nel

trata de nos transmitir motivos positivos “a beleza feriume para sempre”, “a Galiza que vai en min”. Alguén ten dito que non se preocupou por Galicia, pero tamén hai unha dimensión social na súa poesía.

## E esa dimensión vese en *Penélope*, o seu poema máis coñecido.

Penélope fálanos dun paso adiante e outro atrás. Realmente é unha definición de Galicia moi lograda, pero non

## Xermolos era a súa segunda casa

quere dicir que nos estea animando a quedarnos afundidos na miseria senón todo o contrario: anímanos a dar pasos adiante. Aínda que ás veces parece que o noso país recúa tamén hai horizontes de luz, como dicía Díaz Castro, que nos axudan a camiñar.



# Entrevista Conversa con Alfonso Blanco Torrado

Aldegunde Quiñones

## Foi consciente da súa calidade como poeta?

El traballou, loitou cunha tensión estética, literaria, ética, para chegar a ese cumio de beleza. Sorprendérono as gabanzas de Pedrayo, Risco ou Piñeiro cando se publicou o libro; case que o descolocaron. El dubidaba, quizais pola súa humildade. Custáballe moito recitar os seus poemas en público ou participar en actos.

## TRADUTOR EN MADRID

### Díaz Castro desenvolveu a súa vida profesional en Madrid, non si?

Si, e estivo afastado dos círculos literarios de Galicia. É certo que alí tivo contactos con Novoneyra, algo con Celso Emilio, que o ten visitado Ramón Piñeiro... Buscaba cunha lupa alguén que falase galego. Atopouse nun café con Lois Pereiro e outros estudantes galegos en Madrid. Para Pereiro foi un día marabilloso, porque lle gustaba *Nimbos* e por fin coñecera a Díaz Castro. Buscaba con quen falar na súa lingua, da que endexamais se apeou e que amaba por riba de todo.

### E vivía da tradución.

Aprendera os idiomas do norte de Europa -sueco, danés...- e traduciu varios premios Nobel ao castelán. Dominaba de marabilla o alemán, o euskara, o portugués, o ruso, o ucraíno... Traballou no Instituto de Investigacións Científica e no Instituto de Cultura Hispánica de Madrid, por catro patacóns. E logo pola noite, ata altas horas, traballaba facía outras traducións. Daquela, coma hoxe, non era un traballo moi ben pagado. Eu teño chegado ao seu piso en Madrid e aínda botaba fume a habitación dos “celtas” que o acompañaran aquela noite. El pagaba un aluguer e sacou adiante tres fillos con estudos, e iso en Madrid supoñía un esforzo económico.

### Como naceu o libro que escribiches sobre Díaz Castro, *A ascensión dun*



### poeta, co que gañaches o premio literario Ánxel Fole?

Por sorte. Eu xa lera *Nimbos* cando estudaba en Salamanca e realmente quedara abraiado, chegárame ao fondo. E cando me destinaron aquí, ás terras de Parga e Guitiriz, preguntei por Díaz Castro. Dixéronme que morrera en Madrid, ninguén me soubo dicir máis nada e aí quedou a cousa. Seguí preocupándome por informarme máis sobre a vida e a obra del, porque a súa parroquia está aquí cerca e un día unha rapaza nova do grupo de gaitas de Xermolos dime:

## Era un home sinxelo humilde e respectuoso cos demais

“Sabes, ese poeta do que falas tanto vino nos Vilares estes días?” Imaxina a sorpresa: resucitara! Dende logo resucitou para a miña memoria e para a miña vida. Xa aquela mesma semana achegueime ao Vilariño, coñecémonos e dende entón fomos amigos e non perdemos de vernos e de falar. Naquel tempo aínda estaba en activo e só viña de vacacións. Logo xubilo-use e veu para Guitiriz, onde alguén dixo que Xermolos era a súa segunda casa. De feito, non pasaba día, a non ser que estivese enfermo, que non viñese estar con rapazas e rapaces e

aquí coñeceu persoalmente a Manuel María, a Carballo Calero, a Novoneyra, fun con el a ver a Ramón Piñeiro a Santiago e con Franco Grande, que foi un dos primeiros en dedicarlle artigos críticos moi axustados en *Grial*. **E tamén aquí contactou cos poetas que daquela eran novos.**

Si, con Margarita Ledo, Rábade Paredes, Fernán Vello ou o propio Darío Xohán Cabana. Non perdía unha actividade de Xermolos e morreu establecendo lazos coas novas xeracións. O seu retorno non foi só ao espazo físico onde el nacera senón tamén

unha recuperación dos vencellos coa nosa literatura

### Que clase de persoa era Díaz Castro?

Era un home humilde e sinxelo, e claro, iso parece que o podemos dicir de calquera. Pero el á parte de transmitilo co seu porte e o seu andar vagaroso, era moi respectuoso non só coa diversidade da natureza senón tamén coa das persoas. Tiña as súas ideas pero apreciaba e valoraba a liberdade de cadaquén. Era unha persoa amable, moi agradecido de estar coa xente nova e moi afeccionado ao festival de Pardiñas no último treito da súa vida.

# Actualidade

Xosé Lois Martínez Suárez  
[Arquitecto]

*A razón cultural, a visión dunha cidade humanizada que reconece a súa historia, debería triunfar sobre un urbanismo puramente economicista. Con ocasión das obras do túnel do Parrote, na Coruña, volven ver a luz as vellas murallas daquela cidade forte do século XVIII e restos das antigas murallas medievais. A cidade ten unha segunda oportunidade.*



No corpo da cidade están debuxadas sendas milenarias.

Ao camiñar sobre elas podemos observar unha paisaxe que se nos presenta aparentemente estática pero que está en continua transformación.

Hai espazos onde o urbano nos rodea e abraza, nun xesto que é réplica da forma do lugar natural no que os primeiros poboadores encontraron abrigo e protección.

Algunhas cidades teñen, nos seus espazos centrais, o privilexio da percepción das paisaxes abertas, do gozo da mirada a longa distancia.

Ao camiñar podemos percibir a escala do territorio no interior da cidade mesma, podemos ver e sentirnos preto da natureza dende o centro mesmo da cidade.

O mar penetrando ata o corazón mesmo do grande artificio que o urbano representa.

## **O centro é o límite**

Límite e centro simultaneamente.

Na súa condición de centro é espazo de confluencia, de encontro, de cruce, espazo do contacto e das relacións, espazo do desexo e espazo desexado...

Na súa condición de límite é espazo híbrido, do cambio e da transformación, da modificación continua, simultaneamente parede e paisaxe, sólido e líquido, escenario e platea...

No corpo das cidades marítimas hai debuxada unha liña pola que se deslizan os desexos de xeracións de cidadáns.

Unha liña ao longo da que se acumula a historia nas súas múltiples formulacións.

O Paseo do Parrote da Coruña forma parte desa liña.

Foi abrigo e enseada mariñeira, areal no que varar chalanas e trañas, penas sobre as que agardar mentres o mar rompe na baía.

Foi camiño, lugar sagrado e fogar dos primeiros coruñeses.

## No corpo das cidades están debuxadas sendas milenarias

Foi límite (muralla medieval e barroca) elevándose sobre as rochas e marcando “o dentro” e “o fóra”, definindo ámbitos intramuros de “cidadanía” e territorios extramuros de “servidumes”.

### **Un espazo acumulado de símbolos**

Foi paseo, Paseo do Parrote, para ser de novo camiñado. Sobre as vellas fortificacións medraron as árbores que anunciaban lugares de encontro, de ocio e de descanso.

Foi dársena e estaleiro, peirao de arribada e paisaxe da industria, cos barcos emerxendo e transformándose en grandes pinceladas de cores sobre o fondo branco das galerías do hábitat residencial da cidade burguesa.

Foi estrada de convois militares, circunvalando a cidade por Orillamar, a Torre, Orzán, Riazor cara ao monte e San Pedro.

Foi explanada sen sentido, baixo a que pretenderon sepultar as marcas do pasado.

No Parrote, na Cidade Vella, lugar de monumentos, espazo de acumulación de signos, a historia faise densa, e o pasado emerxe inesperado fronte á ignorancia e a cobiza da nova barbarie.

Sobre o irregular debuxo dun litoral de penas que se somerxen no areal, hai no Parrote unha liña de coidada caligrafía de pedra de cantería: cando de novo o mar bata sobre ela escoitaranse historias doutro tempo na cidade amurallada.

Nunha soa ollada, coa súa presenza desvelaranse páxinas fundamentais da identidade múltiple da que como cidadáns participamos.

Hai, no corpo da cidade que queremos, espazos culturais sensibles nos que están escritos con liñas invisibles historias de relacións que, se as restauramos, poderemos incorporalas á construción do gran proxecto da cidadanía do futuro.

## Mosteiro de Herbón. Un proxecto co-rompido (2)

*Os intereses creados sobre o mosteiro de Herbón fixeron que medrasen as presións para acabar coa declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) por todas as bandas.*



*"Na lingua que eu falo"*

*© concertos*

### A fronte social

Dunha parte a liderada por un socio de Pimerbón, antigo concelleiro do PP. Encirrou a varias persoas para que puxesen en contra á veciñanza. Comezaron campañas estrambóticas, coma unha recollida de sinaturas en papeis en branco, con sinaturas de xente que apenas sabía escribir, seica en defensa dunha veciña á que lle podían derrubar a casa (afectada pola lei de costas, non polo BIC). Outra veciña destacou como vivía das ac-

**O famoso 1% cultural, que finalmente quedou en dique seco.**

tividades dos promotores do BIC, gravando as manifestacións, cando os cans foron envelenados e chamando á policía local porque había unha reunión no convento! (A policía local limitouse a levantar acta, pero aquilo utilizaríase para poñer nerviosos aos superiores franciscanos, pois a policía tivera que intervir nunha xuntanza conspirativa). E así foise acosando,

entre insultos ás socias de Sementar e chamadas desde números ocultos, ameazando con matar os cans do convento.

### A fronte política

Os grupos da oposición arrefriaron os apoios, agás a CIPA, que daba a cara. A concelleira de cultura demostraba descoñecer a Lei de patrimonio cada vez que se trataba a cuestión nos plenos. E o alcalde e un funcionario, fillo dun exconcelleiro do PP, que se reúnen, o 8 de marzo, co Provincial dos Franciscanos. Aí actívase o desmantelamento do convento e o castigo ao prior.

O peor foi a alianza do alcalde co párroco de Padrón, co que compartía celebracións da Traslatio, xunto co ex-deán da catedral e os alcaldes de Rois e Dodro (do PP). Aí nace a entrevista co Provincial dos franciscanos, lograda baixo a ameaza de abrir unha causa xudicial ao superior do convento e coa condición de que ese frade non asistise. Axiña cacarexaron que xa estaba resolto o conflito, pois pediran a retirada do superior do convento. Os franciscanos, pola súa banda, difundiron o que lles dixeran

(e creron) nesa reunión: que foran os de dentro os que envelenaran os cans; que se reunían con mulleres pola noite no convento; que o conflito se resolvería co traslado do superior; que se relacionaban con xente de esquerdas; que se valoraba abrir unha causa xudicial contra el e que se ía saír na prensa dándolle duro como así se fixo.

Na Xunta de Galicia, Patrimonio animara a solicitar o BIC: *"finalmente alguien pide un BIC con sentido; ya estamos hartos de arreglar cubiertas para los pájaros"*, dicía María Diz. Pero logo danlle largas, ata que a cesan, tras meses de silencio. O 3 de decembro publícase o Decreto de declaración de BIC no BOE, por un ministerio de Fomento interesado en botar adiante un proxecto que non avanzaba polas trabas autonómicas, co que non podía adxudicar o famoso 1% cultural, que finalmente quedou en dique seco.

### A fronte económica

Aí estaba a Fundación "Convento de Herbón", rexistrada como Fundación de Interese para Galicia, cuxo padroado é presidido polo provincial

dos franciscanos e do que forman parte D. Ángel Albor, D. Manuel Garabal, D. Marcos Torres e D. Andrés Quintá.

Tamén había un grupúsculo de franciscanos que, sempre na sombra, queren “acabar con iso de Herbón, porque non dá cartos”: o administrador provincial (lidera un proxecto hoteleiro en Louro-Muros, de tres millóns de euros tal como el difunde), os superiores de Vigo e Pontevedra e o director do colexio dos franciscanos de Lugo. Co-romperon a ausencia de criterios do Provincial franciscano e manipularon a súa voluble personalidade, pero nunca deron a cara.

#### **A fronte eclesial**

Destaca o “segundo” do Provincial, Fr. Francisco Castro Miramontes, cunha clara posición política, defensor público de membros do PP condenados (Conde Roa), Reitor do convento de San Francisco de Santiago.

## Os franciscanos terían que pedirlle a renuncia ao Provincial, en lugar de agardar pasivamente.

Dende o día primeiro vai deixando caer nos sitios oportunos “perliñas” sobre “políticas de esquerdas” implicadas en Herbón.

O párroco de Padrón, D. Roberto Martínez, arcipreste de Iria Flavia, que fora axudado xenerosamente polos frades de Herbón cando estivo enfermo, fixo a súa xogada caciquil “acusando” das malas compañías aos frades de Herbón, de “seren do teólogo Queiruga” e de militar no BNG. O Párroco de Herbón, D. Anacleto, 50 anos de ministerio pastoral en Herbón e unha vida de “celotipia pastoral”; que predicaba na misa dominical sobre as “cuatro manos negras de la aldea” e alentaba os veciños a defender o que era seu contra “os de aí abaixo” (os frades do convento).

E o mesmo Provincial, frei Xosé Antonio Castiñeira: descoñecedor do proxecto asinado para 20 anos polos representantes lexítimos da institución que el representa hoxe, nun paupérrimo servizo aos seus irmáns, coa entrevista co alcalde, nas condicións na que o fixo. Víctima de si mesmo, da súa personalidade prexudicada polas diversas fronteas e usada en beneficio propio. Os franciscanos terían que pedirlle a renuncia ao seu cargo, en lugar de agardar pasivamente, mentres se perde o ronsel do avance da Igrexa do Papa Francisco. Primeiro concede a cabeza do frade de Herbón, pecha o convento e inmediatamente confesa que ten moito interese en que o proxecto vaia adiante; inhíbese de todo o que sucede nunha casa franciscana e logo manifesta o contento pola cantidade inxente de firmas recollidas para reconducir o tema. Lóxico en quen promete vivir o

evanxeo e logo preside unha Fundación movida polo anti-evanxeo:

#### **Que nos queda?**

Queda unha ocasión de ouro, neste 2014, ata que remate, para o ben común: o ben social, o ben político, o ben económico e o ben eclesial tamén. Vivir conforme aos valores que se predicaban, os valores evanxélicos franciscanos.

No social, queda recompoñer a sociedade da aldea de Herbón, cun traballo pola reconciliación e a paz, a defensa da terra, a dignidade do seu traballo agrícola e a excelencia do que esa terra produce: persoas e bens.

No político, queda traballo por superar formas de goberno que favorecen a unha parte a costa do todo; traballo por esquecer esa política baseada no poder fronte ao servizo; por concienciar o pobo da súa responsabilidade, por aprender que temos poder co noso voto ou coa non-colaboración activa cos que confunden servizo público con beneficio persoal.

No económico, queda a necesidade imperiosa de sementar modelos económicos sostibles na riqueza compartida, a terra coma un ben común e o traballo como un apartado da vida que dignifica o ser humano arredor dunha mesa onde todos e todas teñan un posto para sentar en condicións de igualdade.

No eclesial, queda a única vía da reforma interna, estrutural e funcional ao servizo do que se di crer, o abandono de formas pastorais anacrónicas, a inserción no medio e a presenza evanxélica no mundo incluíndo a todos e todas sen diferenzas de sexo, relixión, raza, idioma ou condición social

E queda tamén a dignidade das persoas defendida, alentada, coidada, protexida e multiplicada por cantos lideraron un proxecto humano evanxélico que outros co-romperon.





# Cartas...

Compañeiros/as da mesa de redacción de Irimia:

Acabo de mirar os artigos que a revista dedica aos 900 números e a Dom Rosendo Salvado. Primeiro, felicítarmonos e, sobre todo, felicitar a todas e todos os que día a día facedes posible o milagre de saír en papel, para que os demais poidamos gozar de algo que cada quince días nos ilusiona. Parabéns polo voso esforzo.

O segundo é comentarvos que no traballo de Xoán Herranz: onde poñía “Don Rosendo”, o correcto é “Dom”, con “m”, pois é unha forma de título que se dá a moitos relixiosos, sobre todo na orde beneditina; se xa é tarde para facelo, pois tampouco pasa nada.

Aprezadas apertas,  
Anuncio Moroño

## IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envía ó Apartado 296 - 15704-Santiago de Compostela, ou escríbenos a [irimia@wanadoo.es](mailto:irimia@wanadoo.es) ou [subscricions@asociacion-irimia.org](mailto:subscricions@asociacion-irimia.org)

NOME: ..... APELIDOS: .....  
 ENDEREZO: .....  
 CÓD. POSTAL: ..... CONCELLO OU CIDADE: ..... PROVINCIA: .....  
 TELÉFONO ..... CORREO ELECTRÓNICO .....

**QUERO SER SOCIA/-O:** 3 €   
**QUERO SUBSCRIBIRME:** Ordinaria: 25 €   
 De apoio: 40 €  Subscrición anual (22 números)  
**QUERO SER 60x100:** 60 €

**DOMICILIACIÓN**  
 BANCO OU CAIXA E AFORROS: .....  
 DOMICILIO DO BANCO: ..... CÓD. POSTAL: .....  
 CONCELLO OU CIDADE: ..... PROVINCIA: ..... TITULAR DA CONTA: .....  
 Nº de CONTA: \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / \_\_\_\_

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En ..... a ..... de ..... de 201\_\_.

Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.  
 Conta: NOVACAIXAGALICIA: ES63 2080 0349 85 3040005822



**EDITA:** Asociación A. IRIMIA

**FEITO EN PAPEL RECICLADO**

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

**COLABORADORES:** Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

**RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN:** [revistairimia@asociacion-irimia.org](mailto:revistairimia@asociacion-irimia.org)

**SUBSCRICIÓNS:** Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / [subscricions@asociacion-irimia.org](mailto:subscricions@asociacion-irimia.org)  
 Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.

**PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA:** [asociacion-irimia@asociacion-irimia.org](mailto:asociacion-irimia@asociacion-irimia.org)

**CONTA:** NOVACAIXAGALICIA, CC/2080-0349-85-3040005822- Urbana, nº 8 - Santiago

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

**ISSN:** 2172-9182

**IMPRIME:** TÓRCULO Artes Gráficas

**DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>

# Boa Nova



## Recibide o Espírito Santo.

O relato de Xoán mostra os discípulos/as agochados nunha casa. Teñen medo e non foran quen de escoitar o testemuño de Magdalena que dicía que vira o Señor vivo invitándoos a fe e a esperanza (Xn 20, 18). No medio desa situación de desconfianza e cerrazón Xesús aparece ante eles/as.

Como sabemos, do que se trata non é de narrar a aparición dunha pantasma que lles trae unha mensaxe. Do que se trata é de traducir en palabras unha experiencia vivida, o que non é doado de facer. A comunidade de Xesús vive angustiada polo que acaba de suceder e non teñen respostas para todas as preguntas que brotan do seu corazón tras a more do mestre. Xuntos/as buscan acougo un en outros. Facendo memoria das palabras de Xesús e orando a Escritura van deixando que brote no seu interior unha fonda experiencia que os/as leva a descubrir que o mestre segue vivo. Foi posiblemente unha vivencia cos atrapou mais aló das súas certezas e que mudou a súa vida.

O modo de narrar esa experiencia mostra en imaxes o acontecido. Xesús aparece de repente no medio do seu medo e falta de fe (20, 19). Móstralles as feridas da crucifixión para que o recoñezan a partir do que saben. Ofrécelles a paz como fixera no seu último encontro (14, 27), cumprindo o que lles prometera: recuperan a alegría (16, 20), reciben o envío (17, 18) e o Espírito Santo (14, 16-17).

Así, con poucas palabras e moitas imaxes, a comunidade xoánica transmítenos as súas certezas e a súa fe en Xesús resucitado. O importante da narración non está na aparición "milagrosa" de Xesús, senón nas consecuencias de vivir asentadas/os na fe en Xesús resucitado, nos recordos fundantes que articulan esa fe e a testemuña de vida que esa comunidade comparte hoxe con nós.

Carne Soto

## DOMINGO 8 DE XUÑO. PENTECOSTÉS

### A PALABRA. Xn 20, 19-23

Naquel día, o primeiro da semana, ao serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús e, poñéndose no medio, díxolles: "Paz convosco". Dito isto, mostroulles as mans e mailo costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez: "Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós". E dito isto alentou sobre eles, e díxolles: "Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoedes os pecados, quedaránlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaránlles retidos".

Hai quen ten medo das arañas, dos ratos, dos espazos abertos ou das multitudes. Hai quen teme á escuridade, as agullas ou a todo tipo de dor. O medo ten moitas caras. Hai pequenos medos dos que é doado escapar, hai outros que nos complican máis a vida e hai os que nos fan a vida imposible. Hai quen non ten máis opción que ir o médico para intentar superar a súa fobia. É irracional, sabémolo, mais cando o medo nos asalta de improviso, ficamos paralizados. O noso fillo cruzaba polo paso de peóns, un coche se achegaba sen frear e a nosa respiración detense. Xa non é medo, é pánico. O medo parálanos, impídenos vivir. E aínda non falamos do medo ao futuro, ao que poda pasar, ao que será de min, da miña parella, dos meus familiares. Medo a perder o posto de traballo. Quen mandan o saben: vivimos inmersos no medo e eles o fomentan.

Faime graza cando a miña filla, á noitiña, ve unha sombra na parede e, présa do medo, agárrase á miña perna. Inténtolle explicar que non pasa nada, mais necesita estar agarrada para recobrar unha mínima confianza. Faime graza pensar que, nós, adultos, non avanzamos moito a respecto dos cativos.

José A. Martínez

# Falando da lingua Tras dunha, outra...

Lidia e Valentina



Estabamos estoutro día a botarlle unha ollada a un xornal que chegou ás nosas mans e fóronnos caendo os ollos nunha chea de palabras con significado ben pouco agradable pero que cada vez abundan máis nos medios de comunicación. A primeira delas foi “proxeneta”, que se define como “a persoa que obtén beneficios doutra”. Fomos á orixe desta palabra e soubemos que chegou ó latín desde o grego *proxenos* e está composta por *pro*, diante, e *xenos*, estranxeiro, co cal significaba “cabaleiro que vai diante dos estranxeiros e os axudaba a atopar damas”; aínda

que inicialmente foi un “corredor de mercadería”, un mero intermediario comercial. O sufixo *pro* atopámolo en moitas palabras: prólogo (antes do discurso, da palabra, o que aparece no principio dunha obra), profilaxe (accións que se toman antes de que xurda un problema, para previr), programa (declaración previa do que se pensa facer nalgunha materia ou ocasión)...

Tamén demos con “corrupción”, do tatin *corruptio*, acción e efecto de destruír ou alterar globalmente por putrefacción, tamén de danar, subornar ou pervertir a alguén, e está com-

posto por *con*, xunto, globalmente; *rumpere*, partir, facer anacos (que nos deu romper...) e *-tio*, que indica acción e efecto de, como en capitulación, corporación... Cantas veces está ben empregada esta palabriña...

E con “prevaricación”, que ten a súa orixe en *prae*, que significa diante ou por diante e *varicare*, que significa andar coma os tortos, de aí que veña a significar “desviarse da recta”, en resumo, do camiño correcto. Ben é certo que se utiliza exclusivamente cando o que se desvía do camiño correcto é unha autoridade, un xuíz ou un funcionario.

Xa iamos cansas e atopamos “pernicoso”, que vén do latín *perniciosus* e que ten unha etimoloxía terrible: *per* é un prefixo latino, e como prefixo dun adxectivo indica que unha acción se levou ata o grao extremo; a raíz *nic-* indica o dano maior que se pode recibir, a morte (*nex, necis* en latín); o sufixo *-osus* significa abundancia. De aí que pernicioso signifique “gravemente daniño e prexudicial”...

Aínda non remataramos de ler, pero ordenamos de parar. Vai haber que facer lecturas selectivas...

## O Fachineiro da Quenlla

### Desorballando outonos

Di Alfonso Blanco na entrevista deste mesmo número que hai unha nota común á poesía chairega, unha nota que fala de aradas e orballos, dunha casa aquí e outra acolá, dunha cultura devalante en Galicia. Esa nota podémola ver no espectacular traballo co que A Quenlla acaba de homenaxear a Díaz Castro (unha homenaxe conxunta, aclaran, coa Asociación Xermolos e a Irmandade Manuel María). Aí están, coma brasas contra a noite, quince textos musicados do poeta dos Vilares na voz de Mini e Mero. É o propio Mero quen non deixa de abraiarse de que un poema coma o que Díaz Castro lle dedicou a Ánxel Fole, in memoriam, non estivese aínda



publicado. O impaís. Non todos os textos musicados son de *Nimbo*s. Por iso, este traballo vai poñer esa auréola de luz sobre poemas practicamente descoñecidos. E como o fai A Quenlla, a calidade e a paixón están aseguradas. Sobra lembrar que a sona que ten “Penélope” deita, en boa parte, da súa interpretación. Non é cousa doada escoller, pero se tivese que facelo recomendaría que ninguén perda de oír a “Balada da araña” e, sobre todo, pasar pola experiencia de escoitar o poema dedicado a Fole. Ninguén vai volver a ler a Díaz Castro do mesmo xeito deste traballo.

A.Q.